

## VISITAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS DO MUSEO – ESO E BACHARELATO

As visitas guiadas consisten nun percorrido didáctico polas salas do museo adaptado aos diferentes niveis educativos. Para o alumnado de infantil e primaria, e tamén en algunos percorridos de secundaria, a actividade inclúe a realización dun obradoiro.

As visitas serán guiadas por un educador propio do museo, que favorecerá o achegamento do alumnado ás diferentes formas artísticas de xeito dinámico e lúdico, fomentando a participación e estimulando a creatividade. O profesor ou profesora que acompaña ao grupo deberá estar presente en todo momento durante a realización da actividade.

O profesorado pode solicitar o envío de información específica sobre as actividades que realizarán os escolares. Tamén existe a posibilidade de que o profesorado desenvolva e guíe unha actividade propia, previa confirmación do Museo.

Sempre que se informe con certo marxe de tempo, o museo pode flexibilizar as propostas didácticas para tratar temas que se estean a desenvolver na aula no momento da visita.

**A visita é gratuíta.** O museo ten reservado un espazo para a parada do transporte escolar e unha praza exterior descuberta para merendar.

### Calendario e horarios

A partir do 18 de outubro de 2016 ata o 16 de xuño de 2017.

De martes a venres ás 10:00 e ás 11:30 h.

- ⑩ *Os centros educativos que teñan dificultades para asistir ao museo neste horario (por motivos de procedencia xeográfica ou de organización do propio centro), poden poñerse en contacto con nós e solicitar unha visita nun horario diferente ao establecido.*

### Duración aproximada das propostas educativas

1 hora e 30 minutos

### Destinatarios

Escolares desde Educación Infantil (2 anos) a Bacharelato.

Grupos de 60 persoas máximo. [O museo conta con dous educadores]

### Solicitud e reserva de visita

Teléfono – 881 881 700 (de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 h)

E-mail – [mu.belas.artes.difusion@xunta.es](mailto:mu.belas.artes.difusion@xunta.es)

Web do museo – <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=188>

A través do programa educativo do concello da Coruña (Programa Coruña Educa):

[http://www.edu.coruna.es/es/libro\\_dixital\\_2016\\_2017](http://www.edu.coruna.es/es/libro_dixital_2016_2017)

NA NOSA PÁXINA WEB PODEDES ATOPAR UNHA SERIE DE MATERIAIS EDUCATIVOS QUE VOS PERMITAN TRABALLAR OS CONTIDOS DA VISITA ANTES OU DESPOIS DA MESMA:

<http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=81>

## VISITA XERAL AO MUSEO

**Nivel** Bacharelato

**Duración** 1 h 20 min

### Obxectivos

- Presentar de xeito global os diferentes xéneros e estilos artísticos que comprende a colección do museo, coñecendo como evolucionou o mundo da arte ao longo do tempo
- Dar a coñecer o museo como lugar de conservación e difusión da arte e da cultura
- Aprender algún conceptos artísticos relacionados coa perspectiva, a luz, as cores ou os temas representados
- Fomentar as opinións persoais e o gusto estético a través da observación e o diálogo

### Desenvolvemento da actividade

Para os alumnos de Bacharelato propoñemos unha visión xeral da colección do museo, visitando todas as salas e coñecendo obras de diferentes épocas e estilos, desde o renacemento e barroco, ata as vangardas e a abstracción. Cos alumnos de Historia da Arte de segundo curso, e aqueles que estean a cursar o bacharelato de artes, afondaremos nos conceptos artísticos e os diferentes estilos e significados da colección do museo, sendo a visita un complemento moi interesante para eles.

A colección do museo permite coñecer algúns exemplos da pintura do XVI, principalmente da pintura relixiosa. A través de obras como *A virxe do leite* (Anónimo), *A sagrada familia* (Juan de Juanes) ou *Ecce-homo* (Luis Morales), veremos obras características do seu momento, cadros que buscan a proporcionalidade, o minucioso estudo da perspectiva, a harmonía e a beleza.

Na sala adicada ao barroco coñeceremos a importancia que tiña o xénero mitolóxico, descubriendo as obras de *Rubens* e a súa escola, e tentaremos descifrar as mensaxes ocultas que se agochan en obras como *Os xogadores de cartas*. Subliñaremos o interese social que naquela época había coa arte relixiosa, comentando cadros de gran formato que antigüamente se atopaban nas igrexas. Partindo destes cadros, comprobaremos o que ten de efectista e teatral a pintura barroca, cos seus claroscuros, a riqueza de cor, a complexidade das composicións ou o dramatismo das escenas.

Neste percorrido comprobaremos a evolución do retrato ao longo do tempo, vendo como evolucionan as modas e o xeito de pintar, pasando dunha pintura moi preocupada pola representación minuciosa dos detalles a outra no que vai interesar máis reflectir a personalidade do retratado.

Seguindo a evolución da arte, veremos cadros e obxectos decorativos do século XIX. Co romanticismo, o realismo e o xurdimento da arte rexionalista, chegarán excelentes exemplos de paisaxes e esceas costumistas.



Posteriormente analizaremos como aparecen as vangardas artísticas e veremos a súa vinculación con figuras importantes da plástica galega como Luís Seoane, Carlos Maside, Laxeiro ou Manuel Colmeiro, entre outros.

Finalizaremos o percorrido vendo as novas tendencias da arte xurdidas a finais do século XX como o surrealismo ou a abstracción, tamén representados no museo a través da obra de artistas galegos como Urbano Lugrís ou Manuel Mampaso.